

ORIENTAVENTURA

The
Wild 2025



DOMINGO 7 DE SETEMBRO DO 2025 . 11:00 HORAS

A ACTIVIDADE

A actividade terá lugar o domingo 7 de setembro ás 11:00 horas, con punto de inicio e final no parque forestal San Miguel de Oia, (Vigo).

Proba por equipos que combina orientación con mapa e diferentes probas físicas ou de coñecemento. Os/as participantes deberán percorrer a pé unha distancia variable, por terreo xeralmente de bosque, intentando localizar unha serie de puntos de control ou balizas e superando diversos retos.

Os equipos, dentro do tempo establecido pola organización (2 horas), deberán acadar o maior número de puntos posibles.

Cun alto componente estratéxico, a toma de decisións e o traballo en equipo son claves para completar a proba con éxito.

Os equipos deciden libremente a orde de búsqueda e o ritmo a seguir (andando ou correndo), non sendo obrigatorio acadar todas as balizas. Todo tempo que exceda ao establecido pola organización será penalizado con puntos.

Para acceder aos puntos de control, cada equipo deberá avanzar coa axuda dun mapa topográfico facilitado pola organización. O mapa posúe toda a información necesaria para poder progresar con seguridade: estradas, camiños, cursos de auga, construcións, curvas de nivel...

A QUEN VAI DIRIXIDA

A actividade está aberta ao público xeral, establecéndose dous categorías:

- Infantil: todos aqueles equipos onde alomenos unha persoa do equipo sexa menor de 12 anos.
- Adultos: aqueles equipos onde tod@s @s integrantes do equipo sexan maiores de 12 anos.

Aunque a proba ten unha duración de 2 horas, cada equipo decide en todo momento qué puntos realiza e cómo se despraza (andando ou correndo). Ademáis, non é obrigatorio a consecución de todas as balizas.

* Idade recomendada: a partir dos 8 anos.

INSCRICIÓN

A inscrición para a actividade comeza o luns 18 de agosto e estará aberta ata as 14:00 horas do xoves 4 de setembro ou ata completar prazos.

Os equipos deberán estar formados por un mínimo de dous e ata un máximo de 6 persoas.

Os prezos son os seguintes:

DO 18 Ó 27 DE AGOSTO: 10€/persoa, independentemente da idade.

DO 28 DE AGOSTO Ó 4 DE SETEMBRO: 15€/persoa, independentemente da idade.

O prezo inclúe:

- Material necesario para a realización da proba.
- Seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes.
- Avituallamento líquido e sólido ao finalizar a actividade.

* É obrigatorio que polo menos un dos integrantes do equipo sexa maior de idade.

A inscrición considérase finalizada cando se realizan os seguintes pasos a través da web www.territorio-comanche.com/agenda/

1º/ Entrar en www.territorio-comanche.com/agenda/ e engadir tantos pax. ó carrito como membros do equipo vaia a haber (entre 2 e 6 participantes). Recibiredes un email; se non o atopades na bandexa de entrada revisade o SPAM.

2º/ Acto seguido realizar o pago por transferencia bancaria e enviar xustificante de pago a info@territorio-comanche.com Recibiredes un email cun formulario; se non o atopades na bandexa de entrada revisade o SPAM.

MATERIAL NECESARIO

Cada un dos equipos debe levar o seguinte equipamento:

- Teléfono móvil (alomenos un por equipo).
- Calzado e roupa cómoda para andar e/o correr.
- Avituallamento líquido e sólido durante a actividade (ao finalizar a organización dará auga, fruta e bollería).

Ademáis do material citado no parágrafo anterior, a organización recomenda aos equipos dispoñer do seguinte material:

- Calzado e roupa de reposto.
- Lentes de sol, gorra e protección solar (se as previsións do tempo son favorables).
- Chubasqueiro (se hai previsión de chuvia).

Para calquera cuestión referente á proba, poden contactar coa organización no email info@territorio-comanche.com ou no teléfono 609 41 43 03